

**INFORME CLIMATOLÓGICO  
MES DE OUTUBRO DE 2012**

## ÍNDICE

1	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES .....	2
2	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA .....	3
3	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA. ....	5
4	TEMPERATURA .....	8
4.1.	Temperatura máxima media mensual. ....	8
5	Temperatura mínima media mensual. ....	9
5.1.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000 outubro. ....	10
5.2.	Evolución da temperatura media no período 1961-2012. ....	14
6	PRECIPITACIÓN .....	15
6.1.	Precipitación acumulada mensual outubro 2012 .....	15
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal. ....	16
6.3.	Días de chuvia en outubro de 2012 .....	17
6.4.	Evolución da precipitación en outubro de 2012 .....	19
7	VENTO .....	20
8	RADIACIÓN SOLAR .....	24
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual .....	24
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal .....	25
9	RAIOS .....	26
	<b>Anexo: Resumo mensual</b>	

**Data edición: 14/11/2012.**

## 1 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de outubro caracterizouse pola alta variabilidade meteorolóxica, por outro lado natural neste mes de outono, alternándose momentos de tempo anticiclónico con outros chuviosos, provocados na súa maioría por fluxo do sudoeste. Isto determina uns valores de temperatura media non moi afastados dos normais para a época do ano, destacando quizais as anomalías lixeiramente positivas da montaña Lucense e do norte da Comunidade, e uns valores de precipitación normais ou por debaixo en moitas zonas de Galicia, agás algunhas excepcións no suroeste da Coruña e no noroeste de Pontevedra. O número de días de chuvia estivo en xeral dentro da media, mesmo por riba nalgunhas localidades da mar atlántica.

A comezos do mes houbo influencia anticiclónica feble sobre Galicia, o que non impediu que algunha fronte se deslizara sobre a Comunidade. Deste xeito, houbo algunhas chuvias repartidas entre as xornadas do 2 e do 3, pouco significativas en xeral. Durante este efémero episodio de chuvias as temperaturas foron relativamente altas, con máximas que roldaron os 20°C en moitas localidades.

Entre os días 5 e 11 unha borrasca que se descolgou e quedou illada sobre os Azores afectounos con ventos cálidos e húmidos e bandas de chuvia activas, e o fixo especialmente en zonas do suroeste da Coruña e do noroeste de Pontevedra entre o día 5 e o día 8. As temperaturas ademais foron altas durante estas xornadas, dada a configuración desta borrasca, preto das illas dos Azores, e máis un anticiclón no Mediterráneo, quedando entre os 20°C e os 25°C en xeral e achegándose aos 30°C nalgunhas localidades os días 5 e 7. Entre o 9 e o 11 as chuvias estiveron máis repartidas e as temperaturas fóronse normalizando, ao mesmo tempo que a borrasca emprendeu o camiño cara ao leste dende as Azores pasando polo norte da península Ibérica.

Tralo afastamento desta borrasca quedamos, entre os días 12 e 15, baixo a influencia de diversos sistemas frontais que trouxeron chuvias a toda Galicia, non demasiado significativas, e temperaturas normais que oscilaban entre os 15°C e os 20°C.

O momento de máis de chuvia de todo o mes foi a noite do 16 ao 17. Durante eses días, unha borrasca formouse ao suroeste das Illas Británicas e a súa fronte activa asociada atravesounos, deixando chuvias de entre 20 e 40 l/m<sup>2</sup> en xeral e superándose os 60-80 l/m<sup>2</sup> nalgunhas zonas. Ao longo da xornada do 18 o tempo foi mellorando, caendo aínda algunhas poucas chuvias. As temperaturas durante este episodio descenderon, sen superarse os 15°C en conxunto.

Entre o 19 e o 21 non choveu en Galicia, pero foise descolgando unha nova borrasca no área de Azores que acabaría por afectarnos outra vez con ventos cálidos e húmidos entre os días 22 e 26, sen case chegalo a notar no nordés da Comunidade onde unicamente choveu dúas xornadas. Esta nova configuración fixo subir as temperaturas ata valores arredor dos 20°C, achegándose e mesmo superando os 25°C nalgunhas localidades o día 23. Durante este período, a borrasca foise movendo cara á península Ibérica e acabaría por cruzala.

O día 27, coa borrasca xa nos golfos de León e Xénova e un anticiclón no Atlántico norte, choveu unicamente de xeito significativo en zonas do nordés, pero o máis destacable foi a baixada de temperaturas, con valores máximos que volveron a quedar por debaixo dos 15°C en localidades do interior.

O día 28 foi unha xornada de transición, para acabar por chover nas últimas xornadas do mes, 29, 30 e 31, principalmente en zonas do oeste e do sur. Durante estes días as temperaturas descendieron, rexistrándose as primeiras xeadas febles en zonas do interior o día 29 e quedando as máximas comprendidas entre os 10°C e os 15°C na derradeira xornada do mes.

## **2 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA**

Os mapas de anomalías, tanto o de superficie (figura 1) como o de 500 hPa (figura 2) mostran dous importantes centros de anomalías, o primeiro anticiclónico sobre o Atlántico Norte mentres que o outro, con valores negativos, reflicte a existencia de baixas de corte sobre o oeste de Europa cun fluxo xeral meridional, o cal xustifica un tempo moi cambiante sobre Galicia que se mantivo nunha zona intermedia entre os dous centros.

### Anomalías de presión a nivel medio do mar Outubro 2012




Figura 1: Anomalías de presión en superficie, outubro de 2012.

### Anomalías de xeopotencial en 500 hPa Outubro 2012




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa, outubro de 2012



### 3 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia (Coruña, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, da CMATI), no período 1971-2000.

O valor climático corresponde co promedio destes 30 anos para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m<sup>2</sup>). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

#### A CORUÑA

	OUTUBRO 2012	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T <sup>a</sup> media	16.3	15.7	18.4 (1997)	12.6 (1974)
T <sup>a</sup> mínima media	12.8	12.6	15.3 (1997)	10.2 (1974)
T <sup>a</sup> mínima absoluta	7.0 (día 28)	4.0 (31/10/1945)		
T <sup>a</sup> mínima máis alta	<b>19.7 (día 7)</b>	19.6 (10/10/1997)		
T <sup>a</sup> máxima media	19.8	18.7	21.5 (1997)	15.0 (1974)
T <sup>a</sup> máxima absoluta	25.4 (día 8)	31.5 (02/10/2011)		
T <sup>a</sup> máxima máis baixa	14.0 (día 18)	12.0 (27/10/1976)		
Precipitación acumulada	90	81-107	286 (1987)	18 (1978)
Días de chuvia (≥1mm)	13	12	25 (1997)	1 (1981)

*Comentario: Mes cálido tendo en conta a temperatura media, isto obsérvase tamén na temperatura máxima para a que o mes resulta moi cálido. O mes é normal para a temperatura mínima.*

*A precipitación acumulada neste mes está dentro do rango de valores normais. O número de días de chuvia é lixeiramente superior ó valor climático.*

**SANTIAGO**

	OUTUBRO 2012	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T <sup>a</sup> media	13.8	14.7	17.4 (1997)	12.3 (1992)
T <sup>a</sup> mínima media	9.8	10.5	13.2 (1997)	8.5 (1992)
T <sup>a</sup> mínima absoluta	2.0 (día 29)	-0.5 (18/10/1992)		
T <sup>a</sup> mínima máis alta	17.0 (día 9)	18.7 (10/10/1997)		
T <sup>a</sup> máxima media	17.9	19.0	22.7 (2011)	16.0 (1992)
T <sup>a</sup> máxima absoluta	24.8 (día 23)	31.9 (13/10/2011)		
T <sup>a</sup> máxima máis baixa	12.8 (día 18)	12.2 (20/10/1992)		
Precipitación acumulada	188	146-180	604 (1987)	40 (1986)
Días de chuvia (≥1mm)	16	14	23 (1987)	5 (1985)

*Comentario:* En xeral para todas as temperaturas o mes de outubro resultou frío nesta localidade. A precipitación rexistrada superou lixeiramente o máximo do rango de valores normais, considerándose o mes húmido. O número de días de chuvia tamén foi superior ó valor climático agardado.

\* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982, por este motivo recóllese un período máis cálido que nas outras series, xa que non se conta cos anos 70 máis fríos.

**LUGO**

	OUTUBRO 2012	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T <sup>a</sup> media	13.1	13.1	15.4 (1994)	9.3 (1974)
T <sup>a</sup> mínima media	7.5	8.6	10.8 (1994)	5.5 (1974)
T <sup>a</sup> mínima absoluta	-1.6 (día 29)	-2.0 (19/10/1980)		
T <sup>a</sup> mínima máis alta	15.8 (día 7)	19.0 (25/10/1988)		
T <sup>a</sup> máxima media	18.8	17.7	23.1 (2011)	13.2 (1974)
T <sup>a</sup> máxima absoluta	27.3 (día 7)	31.7 (12/10/2011)		
T <sup>a</sup> máxima máis baixa	12.4 (día 31)	7.0 (26/10/1976)		
Precipitación acumulada	64	97-120	367 (1987)	10 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	10	12	24 (1987)	2 (1985)

*Comentario:* Existe un gran contraste nas distintas temperaturas. Así, o mes resultou frío tendo en conta a temperatura mínima, normal para a temperatura media e moi cálido para a máxima. A precipitación rexistrada foi inferior ó rango de valores normais polo que o mes considérase seco. O número de días de chuvia tamén foi inferior ó valor climático agardado.

**PONTEVEDRA (LOURIZÁN)**

	OUTUBRO 2012	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	15.1	15.0	17.8 (1989)	11.6 (1974)
Tª mínima media	10.5	10.1	12.9 (1997)	6.7 (1974)
Tª mínima absoluta	3.3 (día 29)	1.2 (31/10/1974)		
Tª mínima máis alta	17.9 (día 9)	19.0 (11/10/1997)		
Tª máxima media	19.8	20.0	23.8 (1989)	16.4 (1974)
Tª máxima absoluta	27.3 (día 23)	33.3 (14/10/2011)		
Tª máxima máis baixa	15.1 (día 19)	10.8 (12/10/1972)		
Precipitación acumulada	156	158-200	596 (1987)	24 (1974)
Días de chuvia (≥1mm)	17	12	24 (1987)	3 (1985)

*Comentario:* Mes cálido tendo en conta as temperaturas mínimas, mentres que resultou normal para as medias e as máximas.

A precipitación rexistrada é inferior ó rango de valores normais polo que o mes considérase seco. Porén, o número de días de chuvia foi moi superior ó agardado.

**OURENSE**

	OUTUBRO 2012	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	15.2	15.1	18.1 (1997)	11.6 (1974)
Tª mínima media	9.2	9.2	12.5 (1981)	4.9 (1974)
Tª mínima absoluta	1.2 (día 29)	-2.0 (31/10/1974)		
Tª mínima máis alta	15.9 (día 7)	19.6 (10/10/1997)		
Tª máxima media	21.3	20.9	25.9 (2011)	17.8 (1987)
Tª máxima absoluta	30.3 (día 5)	34.3 (12/10/2011)		
Tª máxima máis baixa	13.6 (día 31)	10.8 (22/10/1987)		
Precipitación acumulada	67	70-89	301 (1987)	5 (1974)
Días de chuvia (≥1mm)	9	10	24 (1987)	2 (1974)

*Comentario:* Mes normal en xeral tendo en conta todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada neste mes é inferior ó rango de valores normais polo que considérase seco. O número de días de chuvia tamén é inferior ó valor climático agardado.





## 4 TEMPERATURA

As temperaturas medias do mes estiveron en xeral preto dos valores normais, con algunhas anomalías positivas concentradas en zonas de montaña e do norte da Comunidade. Como xa dixemos, as temperaturas sufriron cambios ao longo do mes debido á alternancia de momentos anticiclónicos con outros de chuvia, os cales viñeron acompañados, case sempre, por fluxo do sudoeste, con aire cálido de latitudes máis baixas.

### 4.1. Temperatura máxima media mensual.





Figura 3: Mapa de temperatura máxima media do mes de outubro de 2012.



## 5 Temperatura mínima media mensual.




**Figura 4:** Mapa de temperatura mínima media do mes de outubro de 2012.





**5.1. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000 outubro.**



**Figura 5:** Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de outubro respecto al período 1971-2000.



A táboa 1 mostra as anomalías positivas máis destacables, nas estacións meteorolóxicas pertencentes á rede de observación de Meteogalicia. As anomalías de temperatura máis altas atópanse no leste da provincia de Lugo, e nas localidades do Golfo Ártabro.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media			
con respecto ao período 1971-2000			
Estación	Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Abradelo	Samos	Lugo	1.6
Monte Aloia	Tui	Pontevedra	1.3
Mourelle	Sarria	Lugo	1.2
Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	1.2
Sambreixo	Guitiriz	Lugo	1.0
O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	1.0
Sabón	Arteixo	A Coruña	1.0
Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	1.0
Coruña	A Coruña	A Coruña	0.9
Courel	Folgozo	Lugo	0.9

**Táboa 1:** Anomalías máis elevadas no mes de outubro de 2012.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media			
con respecto ao período 1971-2000			
Estación	Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Mouriscade	Lalín	Pontevedra	-0.8
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	-0.6
Muralla	Lousame	A Coruña	-0.5
Corón	Vilanova de Arousa	Pontevedra	-0.5
Sergude	Boqueixón	A Coruña	-0.5
Costa	Rois	A Coruña	-0.5
Cespón	Boiro	A Coruña	-0.5
Tremoedo	Vilanova de Arousa	Pontevedra	-0.4
Torrequeintás	Meis	Pontevedra	-0.4
Caldas de Reis	Caldas de Reis	Pontevedra	-0.4

**Táboa 2:** Anomalías máis baixas no mes de outubro de 2012.

A táboa 2 amosa as anomalías máis baixas rexistradas, na rede de estacións de Meteogalicia, con respecto ao período climático 1971-2000. A Ría de Arousa rexistrou as



temperaturas máis baixas. Esta zona tamén foi a que rexistrou máis precipitacións neste mes de outubro (figura 8).

Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de outubro de 2012 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente.

<b>Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de outubro de 2012</b>				
<b>por debaixo dos 1000m de altitude</b>				
<b>Data</b>	<b>Estacion</b>	<b>Concello</b>	<b>Provincia</b>	<b>TA (°C)</b>
07/10/2012	Millara	Ferreira de Pantón	Lugo	31.4
05/10/2012	Remuíño	Arnoia	Ourense	31.2
07/10/2012	San Clodio	Ribas de Sil	Lugo	30.8
07/10/2012	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	30.8
07/10/2012	As Petarelas	Rubiá	Ourense	30.3
05/10/2012	Ourense	Ourense	Ourense	30.3
05/10/2012	Lourenzá	Lourenzá	Lugo	29.8
05/10/2012	Vilamor	Mondoñedo	Lugo	29.6
07/10/2012	Verín-Vilela	Verín	Ourense	29.5
07/10/2012	Oímbra	Oímbra	Ourense	29.0

**Táboa 3:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de outubro de 2012 a altitude menor de 1000 m.

<b>Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de outubro de 2012</b>				
<b>por enriba dos 1000m de altitude</b>				
<b>Data</b>	<b>Estacion</b>	<b>Concello</b>	<b>Provincia</b>	<b>TA (°C)</b>
07/10/2012	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	26.2
07/10/2012	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	25.1
07/10/2012	Corzos	A Veiga	Ourense	24.5
07/10/2012	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	24.3
07/10/2012	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	23.9
07/10/2012	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	23.3
07/10/2012	Serra do Eixe	O Barco del Valdeorras	Ourense	22.9
07/10/2012	Ancares	Cervantes	Lugo	22.8
07/10/2012	Xurés	Muiños	Ourense	22.4
07/10/2012	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	22.4

**Táboa 4:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de outubro de 2012 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de outubro de 2012 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de outubro de 2012				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	Estacion	Concello	Provincia	TA (°C)
28/10/2012	Corzos	A Veiga	Ourense	-4.2
28/10/2012	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	-4.0
28/10/2012	Xares	A Veiga	Ourense	-3.8
28/10/2012	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	-3.4
29/10/2012	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	-2.9
27/10/2012	Xares	A Veiga	Ourense	-2.7
28/10/2012	O Cebreiro	Pedrafitas do Cebreiro	Lugo	-2.6
28/10/2012	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	-2.3
28/10/2012	Serra do Eixe	O Barco del Valdeorras	Ourense	-2.2
28/10/2012	Ancares	Cervantes	Lugo	-2.2


**Táboa 5:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de outubro de 2012 altitude superior a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de outubro de 2012				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	Estacion	Concello	Provincia	TA (°C)
29/10/2012	Verín-Vilela	Verín	Ourense	-4.7
31/10/2012	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-4.6
29/10/2012	Lanzós	Vilalba	Lugo	-3.6
29/10/2012	Mourelle	Sarria	Lugo	-3.5
29/10/2012	Oímbra	Oímbra	Ourense	-3.4
29/10/2012	Castro R. de Lea	Castro de Rei	Lugo	-3.3
28/10/2012	Montederramo	Montederramo	Ourense	-3.3
29/10/2012	Baltar	Baltar	Ourense	-3.0
29/10/2012	Tioira	Maceda	Ourense	-2.9
29/10/2012	Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	-2.6


**Táboa 6:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de outubro de 2012 altitude inferior a 1000m.



## 5.2. Evolución da temperatura media no período 1961-2012.



**Figura 6:** Evolución da temperatura media ó longo do período 1961-2012 para outubro.




**Figura 7:** Anomalía da temperatura media ó longo do período 1961-2012 para outubro.



## 6 PRECIPITACIÓN

As precipitacións acumuladas durante o mes de outubro presentan valores normais ou anormalmente inferiores á media, especialmente na montaña e no norte de Galicia, agás no suroeste da Coruña e no noroeste de Pontevedra, onde a cantidade acumulada foi superior ao valor climático. En concordancia, nalgunhas áreas da marxe atlántica, o número de días de chuvia foi maior do habitual, quedando por debaixo no interior.

### 6.1. Precipitación acumulada mensual outubro 2012




**Figura 8:** Mapa de precipitación acumulada no mes de outubro de 2012.





## 6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.



**Figura 9:** Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1971-2000 do mes de outubro de 2012.



### 6.3. Días de chuvia en outubro de 2012

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m<sup>2</sup>) foi de 13 días.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m<sup>2</sup> durante o mes de outubro de 2012.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de outubro.

Precipitacións acumuladas máximas en outubro de 2012 (L/m <sup>2</sup> )			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )
Cespón	Boiro	A Coruña	323
Muralla	Lousame	A Coruña	319
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	315
Coto Muiño	Zas	A Coruña	274
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	247
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	239
Corón	Vilanova de Arousa	Pontevedra	212
Lesende	Lousame	A Coruña	209
Paramos	Val do Dubra	A Coruña	203
Rebordelo	Cotobade	Pontevedra	202


**Táboa 7:** Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de outubro de 2012.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m <sup>2</sup> )				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )	Instante de inicio (UTC)
Muralla	Lousame	A Coruña	106	15/10/2012 19:30
Cespón	Boiro	A Coruña	95	15/10/2012 20:10
Fornelos	Fornelos de Montes	Pontevedra	92	16/10/2012 17:00
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	86	15/10/2012 18:40
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	83	16/10/2012 16:20
Areas	Tui	Pontevedra	77	16/10/2012 16:50
AsEiras	O Rosal	Pontevedra	77	16/10/2012 16:40
CMuiño	Zas	A Coruña	74	15/10/2012 19:00
Entenza	Salceda de Caselas	Pontevedra	69	16/10/2012 17:00
Entrimo	Entrimo	Ourense	69	16/10/2012 17:40


**Táboa 8:** Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de outubro de 2012.



## 6.4. Evolución da precipitación en outubro de 2012



**Figura 11:** Evolución da precipitación acumulada en outubro respecto ó período 71-00.



**Figura 12:** Evolución da anomalía de precipitación en outubro respecto ó período 71-00.



## 7 VENTO

Na xornada do 16 de outubro rexistráronse en valores de refacho máximo que superaron os 100 km/h en varios puntos de Galicia.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en outubro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
16/10/2012	Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	127.5
16/10/2012	A Gándara	Vimianzo	A Coruña	121.9
16/10/2012	Muralla	Lousame	A Coruña	115.8
16/10/2012	Lardeira	Carballada de Valdeorras	Ourense	109.3
16/10/2012	Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	106.9
16/10/2012	Fragavella	Abadín	Lugo	105.3
16/10/2012	Lira	Carnota	A Coruña	103.7
24/10/2012	Xares	A Veiga	Ourense	102.5
16/10/2012	Burela	Burela	Lugo	100.9

**Táboa 9:** Rexistros do refacho máximo superiores aos 100 km/h no mes de outubro de 2012.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	103.7	S	8	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN # Lira-A # 16/2912</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO EN CADA DIRECCIÓN (m/s) # Lira-A # 16/2912</p>
		Día 16				
Punta Candieira	Cedeira	127.5	SO	5	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN # PCandieira-A3 # 16/2912</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO EN CADA DIRECCIÓN (m/s) # PCandieira-A3 # 16/2912</p>
		Día 16				





PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Malpica	Malpica	83.0	SO	5		
		Día 27				
Marco da Curra	Monfero	93.7	SO	25		
		Día 16				
Río do Sol	Coristanco	92.2	S	2		
		Día 16				

**Táboa 10:** Resumo do vento no mes de outubro de 2012 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	100.9	SO	11		
		Día 16				



PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Ancares	Cervantes	86.1	S	9		
		Día 24				

**Táboa 11:** Resumo vento no mes de outubro de 2012 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	75.5	SO	22		
		Día 16				
Alto do Rodicio	Maceda	77.8	SO	11		
		Día 27				
Gandarela	Celanova	62.9	NO	23		
		Día 16				

**Táboa 12:** Resumo do vento no mes de outubro de 2012 na provincia de Ourense.



PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de montes	89.5	S	11	<p>INTENSIDADES PORDEBARRAS COA DIRECCIÓN # Fornelos-A3 # 18/2012</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO EN CADA DIRECCIÓN (m/s) # Fornelos-A3 # 18/2012</p>
		Día 27				
Ons	Bueu	82.4	S	4	<p>INTENSIDADES PORDEBARRAS COA DIRECCIÓN # Ons-A4 # 18/2012</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO EN CADA DIRECCIÓN (m/s) # Ons-A4 # 18/2012</p>
		Día 16				


**Táboa 13:** Resumo do vento no mes de outubro de 2012 na provincia de Pontevedra.





## 8 RADIACIÓN SOLAR

### 8.1. Mapa de irradiación solar mensual




811 921 1032 1143

**Figura 13:** Irradiación mensual ( $10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$ ) para o mes de outubro de 2012.




## 8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal



**Figura 14:** Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.


## 9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou un total de 168 raios en Galicia, a maior parte deles o día 24. Na figura 16 móstrase a distribución dos raios neste mes.



**Figura 15:** Número de raios rexistrados en Galicia en outubro de 2012.

A continuación móstrase este número de raios distribuído por provincias.



**Figura 16:** Número de raios rexistrados por provincias en outubro de 2012.